



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARREDOR DA OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ E MANTEMENTO DA FUNDACIÓN.

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE:

Dunha parte, a consellería de Cultura e Turismo (en adiante, “a Consellería”) e no seu nome e representación, Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro de 2018, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Fundación Curros Enríquez, con NIF G32322315, (en adiante a Fundación) e no seu nome e representación Antonio Puga Rodríguez, na súa condición de presidente da Fundación Curros Enríquez, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de levar a cabo actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura e Turismo quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Fundación Curros Enríquez é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo dar a coñecer a obra de Curros Enríquez e estudar os seus aspectos máis innovadores e menos públicos. Curros Enríquez foi un poeta dos máis aclamados da súa xeración. Autor de numerosas obras en lingua galega, forma parte, xunto con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, do movemento chamado Rexurdimento da literatura galega, de finais do século XIX.

A súa obra trascende máis alá da súa poesía e céntrase durante gran parte da súa vida no xornalismo. Prestixioso redactor de *El País* e *A Gaceta de Madrid*, o seu cometido informativo levouno a exercer como correspondente de guerra no País Vasco durante a terceira guerra carlista, escribindo unha serie titulada *Cartas del Norte* que publicou no diario *El Imparcial*. Despois dun regreso temporal á súa Galicia natal como funcionario de Facenda en Ourense, finalmente viaxaría a Cuba asentándose na Habana, onde funda o semanario *La Tierra Gallega* chegando a traballar tamén en *El Eco de Galicia* así como no *Diario de la Marina*.

Para o cumprimento destes fins a Asociación conta coa seguinte programación:

Organiza o programa escolar “Vén coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio”; roteiros culturais por Celanova e os seus arredores; Xornada de convivencia “Curros Enríquez en Celanova”; viaxe-cultural a espazos literarios; entrega do XXXVI premio “Celanova, casa dos poetas”; ludotecas para os máis pequenos; presentación de libros e audiovisuais; exposicións; e unha xincana.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.-OBXECTO E ACTUACIÓNS

É obxecto deste convenio coa Fundación Curros Enríquez a realización de diversas actividades culturais durante o ano 2020 que teñen como eixo central a divulgación e promoción da obra de Curros Enríquez, así como o mantemento da entidade.

SEGUNDA.-ACTUACIÓNS

1-PROGRAMA ESCOLAR “VÉN COÑECER A CELANOVA DE CURROS E CELSO EMILIO”



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



Trátase dun programa escolar no que se fai un percorrido guiado pola vila de Celanova a través dos textos dos escritores nativos, ofrecendo visitas programadas á Casa dos Poetas, ao Mosteiro de San Rosendo e a Vilanova dos Infantes, onde se visita a Torre da Homenaxe e a Cova de San Vivíán.

Complétase coa escolla de varias opcións que permiten adaptarse mellor ás peticións de cada grupo, como son a realización dun percorrido literario urbano guiado ou por libre seguindo os paneis do proxecto **“Poemas na rúa”**.

Esta actuación é unha das máis destacadas.

2- ROTEIROS CULTURAIS POR CELANOVA E OS SEUS ARREDORES

A Fundación Curros Enríquez promove a realización de roteiros culturais entre distintos colectivos. Neste ano 2020 vaise traballar con dous: “Celanova: pedra e poesía” e “Celanova: un paseo pola historia de Galicia”.

A estes roteiros se incorpora un *micro concerto de órgano*, consiste nun concerto didáctico dunha duración aproximada de 30 minutos.

3- X XORNADA DE CONVIVENCIA “CURROS ENRÍQUEZ” EN CELANOVA

Trátase de promover a celebración dunha xornada de convivencia cos centros de toda Galicia que leven o nome do poeta Manuel Curros Enríquez. No 2020 está programada unha xornada na que participarán os centros CEIP Curros Enríquez de Ourense e Celanova, e o CPI de Pazos de Borbén.

En total 150 rapaces, que realizarán este programa:

Mañá: coñecemento da vila, e pola tarde: coñecemento da poesía dos escritores de Celanova.

4- VIAXES CULTURAIS A ESPAZOS LITERARIOS

Co fin de dar a coñecer o resto de escritores galegos e portugueses contemporáneos dos poetas de Celanova e colaborar na difusión doutras asociacións e fundacións literarias, ofrecerase a posibilidade de visitar os edificios e lugares vinculados a obra dos autores protagonistas das asociacións colaboradoras, ademais de promover o coñecemento da súa vida e da propia contorna.

5- ENTREGA XXXVI PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”

O domingo seguinte ao aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro, celébrase anualmente o acto da entrega do premio “Celanova Casa dos Poetas”. Como adoita acontecer todos os anos, o acto desenvolverase segundo o seguinte programa:

Recepción do premiado e convidados na Casa do Concello e ofrenda floral diante do monumento de Celso Emilio Ferreiro con presentación do acto e palabras de recibimento por parte do presidente da Fundación. Unha persoa coñecedora da obra de Celso Emilio é a encargada de facer unha pequena intervención sobre o poeta e remata o acto de homenaxe cun recital amenizado por un grupo musical.

6- LUDOTECAS PARA OS MÁIS PEQUENOS. Xaneiro-decembro



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



A Fundación Curros Enríquez organiza ao longo do ano obradoiros destinados aos máis pequenos da vila no que o fomento da lectura segue a ser o principal protagonista. Ademais de obradoiros de traballos manuais tamén se realizan contacontos.

7- PRESENTACIÓN DE LIBROS E AUDIOVISUAIS. Xaneiro-decembro

A Casa dos Poetas acollerá, neste ano 2020, a presentación das novidades editoriais vinculadas principalmente con Celanova.

8- EXPOSICIÓNS. Xaneiro-decembro

Ao longo de todo o ano, o segundo andar da sede da Fundación Curros Enríquez, acollerá unha serie de mostras temporais. As exposicións previstas para o ano 2020 son as seguintes:

- Xaneiro-maio; "Esquecementos", fotografías de Carlos Teijeiro.
- Agosto-setembro: Mostra sobre Nós de Xosé Poldras.

9- XINCANA " FAITE XORNALISTA CON CURROS"

Realización e ampliación de contidos da xincana pensada para dar a coñecer a Casa dos Poetas e dirixida principalmente a un público escolar de primaria. Co fin de dar a coñecer de maneira lúdica e pedagóxica a vida, obra e mundo de Curros Enríquez así como outros poetas de Celanova. A través dun xogo de pistas, os participantes, divididos en grupos, converteranse en xornalistas dos distintos xornais nos que traballou Curros para acadar información e aprender sobre o poeta.

Tamén se destinará esta actividade a un público familiar, adaptando o contido.

TERCEIRA.-XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA COMPETITIVA

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto é a Fundación un referente exclusivo da vida e obra do autor, e polo tanto, a única que pode desenvolver as devanditas actividades na nosa comunidade autónoma.

Por todo o anterior é a Fundación a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para o ano 2020, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan.

CUARTA.-COMPROMISOS DA CONSELLERÍA. FINANCIAMENTO

A Consellería de Cultura e Turismo, comprométese a entregarlle á Fundación Curros Enríquez a cantidade de 15.000 € como contribución para a realización das actuacións culturais recollidas na estipulación primeira deste convenio e mantemento da entidade; esta achega financiarase, con



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



fondos propios, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020:

-11.20.432B.481.2: 5.000 €

-11.20.432B.781.1: 10.000 €

Esta cantidade, 15.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo, poderá realizar pagamentos anticipados que suporán achegas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se achegará como pago anticipado será de 9.000 € (4.000 € que corresponderá aos gastos de funcionamento da Fundación e 5.000 € que corresponderá aos gastos derivados das actuacións de carácter cultural).

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, segundo o previsto no artigo 62 do Decreto 11/2009, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, ou sexa 12.000 €. O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se preveña a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.-COMPROMISOS DA FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ

A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura e Turismo poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

A Fundación comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, a Fundación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 20,1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



A Fundación comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tal como se recolle no apartado d) deste artigo, a Fundación ten a obriga de comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, Regulamento de subvencións de Galicia. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Fundación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas, así como presentar a avaliación de resultados que figura na estimulación décimo segunda.

SEXTA.-COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver, que figura no convenio.

SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste convenio consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



OITAVA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola subdirectora xeral de bibliotecas da Consellería de Cultura e Turismo e polo director xeral de Políticas Culturais, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

NOVENA.-GASTOS SUBVENCIONABLES. XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida, é o 15 de decembro de 2020.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor, importe, data de emisión e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a Fundación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III do convenio).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2020, dende o 1 de xaneiro ata a data límite de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

DÉCIMA .- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificadores das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



DÉCIMO SEGUNDA.- AVALIACIÓN DE RESULTADOS

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, unha vez presentada a xustificación, ou xunto con ela, en todo caso antes do 31 de decembro, a Fundación deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades obxecto do convenio, conforme o modelo que figura como Anexo I.

DÉCIMO TERCEIRA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO QUINTA.-VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2020.

DÉCIMO SEXTA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data indicados.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O presidente da Fundación Curros Enríquez

Román Rodríguez González

Antonio Puga Rodríguez



Xacobeo 2021

